



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 819 Semana do 4 ao 10 de febreiro de 2019

ASEMBLEA MULTITUDINARIA HOXE EN MADRID PORQUE URXEN “MÁIS FEITOS E MENOS PALABRAS”

2019, o ano do emprego e dos salarios; os dereitos e a igualdade

Redacción.- UGT, xunto con CCOO, convocan hoxe en Madrid unha multitudinaria asemblea de máis de 10.000 delegados e cadros de ambos sindicatos, na que participará unha delegación de UGT-Galicia, porque urxen “Máis feitos e menos palabras” e porque o 2019 debe ser o ano do emprego e os salarios, os dereitos e a igualdade.

Dende UGT insítese en que a economía medra dende o ano 2014 pero a riqueza que se xenera non chega aos traballadores, nin á gran maioría social, pese a ser as principais vítimas da crise. UGT centra as súas reivindicacións en esixir o reparto desta riqueza e en que se recuperen os dereitos sociais e laborais sustraídos baixo a excusa da crise.

O AENC 2018-2020 constitúe un punto de inflexión que permite que os traballadores recuperen progresivamente o poder de compra perdido. Logrouse ademais o obxectivo sindical de establecer un mínimo de 1.000 euros ao mes por 14 pagas en todos os convenios.

E, tras a conformación do novo Goberno, retómase o diálogo social, esencial para darlle a volta a normativas dañinas como a reforma laboral ou a reforma das pensións de 2013.

Neste contexto, celébrase esta multitudinaria asemblea na que UGT vai demandar acabar coas resistencias das patronais a aplicar a nova política salarial e, en particular, o salario mínimo de convenio.

Materializar de xeito urxente o avanzado nas mesas de negociación. O Goberno debe primar as necesidades sociais e non refuxiarse na delicada maioría parlamentaria e na falta de consenso coa patronal, xa que esta non ten ningunha autoridade moral para vetar o diálogo social cando no pasado desentendéronse dos acordos alcanzados neste marco porque lles era máis favorable a acción do Goberno, como sucedeu coa reforma laboral de 2012.



O Sindicato tamén demanda subscribir un acordo co Executivo que obrigue a cambios substanciais para recuperar e mellorar dereitos sociais e laborais, independentemente da vía lexislativa que se elixa para a súa materialización.

Tamén se demanda apoio dos grupos políticos, especialmente daqueles que avalaron o cambio de Goberno, para que o apoiem para acabar coas políticas que xeraron desigualdade e pobreza e un modelo económico inxusto e desequilibrado.

En defensa destas reivindicacións, UGT iniciou un proceso mobilizador en tres frentes, na negociación colectiva coa patronal, especialmente naqueles sectores onde aínda non son unha realidade os 1.000 euros acordados no IV AENC e nos que se rexistra maior brecha de xénero; no diálogo social co Goberno para recuperar dereitos, derrogar os aspectos máis lesivos da reforma laboral e a reforma das pensións de 2013; e no da igualdade, para eliminar as brechas laborais de xénero, en especial a

salarial e a precaridade no emprego, que repercute ao longo da carreira laboral das mulleres ata acadar unha importante brecha nas pensións.

As mobilizacións comezarán con asembleas nos centros de traballo e terán dous puntos de inflexión, o gran acto sindical de hoxe e o 8 de marzo, unha xornada de loita e de folga na que se confluirá co movemento feminista na esixencia de maior determinación, valentía recursos para facer fronte ás brechas de xénero e á violencia contra as mulleres. Convocaranse dúas horas de paro xeral por quenda, contemplando a posibilidade de que nalgún sector, polas súas particularidades e reivindicacións, poidan facela de 24s horas.

Hoxe, a Caixa Máxica será un lugar de reivindicación, propostas e cambio. Todos os delegados e delegadas, afiliados e afiliadas uxetistas son a clave para cambiar o rumbo do país. A sociedade debe ser consciente de que os cambios só se producirán se empurramos todos nesa dirección.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

URXEN VERDADEIRAS POLÍTICAS QUE PROTEXAN ÁS PERSOAS EN DESEMPREGO, A DERROGACIÓN DA REFORMA LABORAL E POTENCIAR AS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO DENDE O EIDO PÚBLICO

O paro volve a subir en xaneiro, o que reflicte a estacionalidade do emprego en Galicia e a debilidade do mercado laboral

Redacción.- Os datos referidos ao paro rexistrado no mes de xaneiro amosan un aumento do desemprego; unha baixada de afiliacións á Seguridade Social; que as mulleres e os máis mozos seguen a ser os máis prexudicados en termos de desemprego; que o sector servizos acarrea en termos absolutos o incremento do paro, o que amosa a estacionalidade do mercado laboral galego; que a contratación indefinida non chega ao 10%; e que a cobertura por desemprego continúa baixo mínimos. Estas son as grandes eivas do mercado laboral galego, que se resumen en precariedade tanto do emprego como do desemprego, estacionalidade e brecha por razón de xénero.

Para UGT-Galicia, isto obriga a que os gobernos, tanto o galego como o central, adopten medidas xa. Primeiro, urxe a restitución dos dereitos dos traballadores coa derrogación da reforma laboral do ano 2012, que só conseguiu precarizar as condicións laborais e empobrecer cada vez máis á poboación deste país.

Ademais, resulta imprescindible potenciar as políticas activas de emprego dende o eido público, atendendo con maior urxencia ás persoas con maiores dificultades para acceder a un emprego de calidade, como son as persoas con discapacidade, os maiores de 55 anos, os mozos e as mulleres.

A precariedade no desemprego, coas baixas taxas de cobertura que se rexistran e a extensión do paro de longa duración, obrigan a poñer en marcha verdadeiras políticas de emprego que protexan ás persoas en desemprego vía prestacións, combinando axudas con medidas activas de emprego, de orientación, formación e inserción.

Así, os datos do paro rexistrado en Galicia amosan un incremento do mesmo no mes de xaneiro de 3,25 puntos (2,61 no resto do Estado). Co-



meza o ano con 174.800 persoas no paro, 5.505 máis que no mes anterior. Interanualmente o paro baixou nun 7,9%.

En relación á afiliación á Seguridade Social, tras sete meses con máis dun millón de cotizantes, o que amosaba unha certa sinal de recuperación do mercado laboral, volve a baixarse do millón de afiliados, concretamente, en xaneiro rexistráronse 992.370.

Por sexos, as mulleres seguen a ser as máis prexudicadas, ocupando o 57% do total do desemprego. 75.186 homes no paro, fronte a 99.614 mulleres. No mes o paro aumentou entre os homes nun 2,5% e un 3,9% no caso das mulleres.

Os máis mozos tamén son os máis prexudicados. Entre os menores de 25 anos o paro medrou en 4,8 puntos, por enriba do resto de idades.

A análise por sectores de actividade reflicte que o paro medra con maior contundencia no sector servizos, nun 4,9%. De feito, en termos absolutos a totalidade do incremento do paro dáse nos servizos, 5.537 persoas máis. Isto fai fincapé na debilidade e estacionalidade do mercado laboral galego que se sustenta no sector servizos. O paro tamén me-

drou no primario, nun 1,2%; mantense na construción e medra moi levemente na industria, o 0,1%.

En relación a hai un ano o descenso é acusado no conxunto de actividades, con porcentaxes moi elevadas na construción, o 18,2% de baixada; na industria, o 8,9%; e no colectivo de sen emprego anterior, onde baixa o 8,8%. Tamén diminúe, pero con menor intensidade, no sector servizos, o 6,3%, e o 6,2% no primario.

En xaneiro fixéronse 82.401 contratos, unha cifra moi elevada para o mercado laboral galego que reflicte a alta rotación que se rexistra nesta Comunidade, o que esconde detrás unha alta precariedade na contratación. Ademais, a contratación indefinida tan só representa o 9,95% do total.

A precariedade tamén chega ao desemprego, cunha taxa de cobertura do 57,4%, fronte ao 60,4% estatal. Quedando fóra do sistema 80.212 persoas, tanto tendo en contra aos que teñen dereito a prestación como os que non o xeraron previamente. Pero é que dos que teñen cobertura, un total de 89.083, tan só o 47,5% acceden a unha prestación de carácter contributivo. No resto dos casos son asistenciais, co que supón isto en materia de contías e, polo tanto, máis precariedade.

UGT-GALICIA CELEBROU EN VIGO A XORNADA “REUTILIZA, REDUCE, RECICLA”

O obxectivo debe ser impulsar nos centros de traballo o consumo responsable e a separación de residuos

Redacción.- O pasado mércores o salón de actos da sede de UGT-Vigo acolleu a xornada informativa “Reutiliza, reduce, recicla”, organizada por UGT-Galicia en colaboración con Ecoembes. Nesta participaron as secretarías de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT-Vigo, Mónica Suárez; de UGT-Galicia, Raquel Seijas; e de UGT confederal, Ana García de la Torre; o coordinador de Ecoembes de UGT, José de las Morenas; e Virginia Moreno, en representación de Ecoembes.

Estas xornadas informativas programáronse co obxectivo de promover un modelo de consumo responsable e a creación de espazos para facilitar o intercambio de información e concienciar á sociedade e, en particular, ás traballadoras e traballadores, sobre a importancia de reciclar os residuos de envases, así como prever os impactos ambientais en todo o ciclo de vida dos mesmos.

Así, o encontro xirou sobre a idea de que a reciclaxe de envases comporta considerables beneficios ambientais en canto a aforro de materias primas, enerxía, auga e redución das emisións de gases de efecto invernadoiro. Así mesmo, esta actividade contribúe ao desenvolvemento económico e social do noso país a través da xeración de emprego.

Neste senso, os relatores da xornada coincidiron na necesidade de impulsar medidas nas empresas que axuden a conseguir este fin, a través da negociación colectiva.



O actual modelo económico resulta prexudicial, agresivo e liñal, pois agota os recursos naturais e contamina o medio ambiente. Básase en tomar, fabricar, consumir e eliminar e dende UGT vaíse traballar por substituílo pola chamada economía circular, que maximiza os recursos dispoñibles, para que estes poidan permanecer o maior tempo posible no ciclo produtivo.

Ademais, o desenvolvemento da economía circular quere afrontar non só desafíos globais, como o cambio climático, a sostiabilidade e a preservación da biodiversidade, senón tamén, aproveitar a oportunidade que representa para fortalecer o benestar e a prosperidade, mantendo a creación de valor e de postos de traballo decentes.

Hai que lembrar que UGT asinou hai case un ano un convenio marco de colaboración con Ecoembes para proporcionar información e concienciar á sociedade e aos traballadores sobre a importancia de facer unha correcta separación dos residuos, así como, prevenir os impactos ambientais que poden xerar durante todo o seu ciclo de vida. Un convenio que reflicte o compromiso de UGT co medio ambiente e a sustentabilidade.

A consecución do reto de lograr a transición cara a economía circular unicamente será posible a través da colaboración, participación e implicación de toda a sociedade.

OS TRABALLADORES DE VULCANO MOBILÍZANSE POLO FUTURO DO ESTALEIRO

Redacción.- Este mércores centos de traballadores do estaleiro vigués de Vulcano manifestáronse polas rúas da cidade olívica en demanda dunha saída á actual situación que están a vivir e un plan que garanta o futuro da factoría.

Saíron das portas do estaleiro e chegaron á delegación da Xunta en Vigo. Os traballadores demandan un acordo que permita acabar coa construción do Ferri e un plan de viabilidade que garanta o futuro do estaleiro.

Hai que lembrar que a día de hoxe xa son varias as nóminas que se lles adeudan aos traballadores.

Para FICA-Vigo, detrás desta situación existe unha mala xestión por parte da dirección do estaleiro e a Xunta tampouco cumpriu coa súa obriga de velar polos acordos. En toda esta situación os grandes prexudicados son os traballadores de Vulcano e os das auxiliares, os únicos que non son culpables.

Continúase á espera de que a empresa chegue a un acordo cos seus acreedores da industria auxiliar para que o Santander e Armas desbloqueen a finalización do barco e poidase acceder aos avais e financiamento. Mentres tanto, os traballadores demandan que se lles adiante unha parte do que se lles debe, cinco nóminas.



PARTICIPA ESTE DOMINGO EN SANTIAGO NA MANIFESTACIÓN POLA SANIDADE PÚBLICA GALEGA PORQUE OS RECORTES MATAN

Redacción.- FeSP-UGT chama á participación da cidadanía galega na manifestación, convocada por SOS Sanidade, en defensa da sanidade pública o vindeiro domingo, día 10, a partir das 12.00 horas na Alameda compostelana.

Dende o Sindicato, de xeito reiterado, vense denunciando que os recortes matan e que a saúde non pode ser un negocio.

Esíxese recuperar o perdido polos recortes en materia de persoal sanitario, camas e orzamentos.

Tamén se demanda acabar coa marxinación da atención primaria e coas EOXIS.

A recuperación das áreas sanitarias e dos hospitais comarcais tamén constitúe outra das demandas que se vai levar á manifestación do vindeiro domingo en Santiago.

Ademais, chamarase a atención sobre a necesidade de dotars axeitadamente aos PAC e aos servizos de urxencias hospitalarios.

Rematar coa precariedade laboral que impera na sanidade pública será outras das demandas.

Así como, recuperar todos os servizo e centros que foran privatizados nestes últimos anos.

Este domingo, a partir das 12 horas, maniféstate en Santiago en defensa da sanidade pública galega, porque os recortes matan e porque a saúde non debe ser un negocio.

PERIGO PARA OS USUARIOS E TRABALLADORES POLO ABANDONO DOS PORTOS EN GALICIA

O DESPLOME DO TEITO DA LONXA DE CANIDO PON DE MANIFESTO A FALTA DE MANTEMENTO DOS PORTOS GALEGOS DEBIDO Á PÉSIMA XESTIÓN DO ENTE PÚBLICO

Redacción.- Tras os últimos acontecementos na lonxa de Canido (Vigo), co desplome do seu teito e cunha anterior denuncia do mal estado das instalacións por parte da confraría, FeSMC-UGT volve denunciar o abandono ao que están sometidas as instalacións portuarias debido á pésima xestión que se está levando a cabo por parte do presidente de Portos de Galicia, José Juan Durán Hermida.

Baixo a súa xestión, o declive deste organismo é máis que evidente, acentuándose particularmente nos portos da provincia de Pontevedra.

O mantemento das instalacións na provincia de Pontevedra dende hai meses é practicamente nulo

Particularmente, na devandita provincia o mantemento das instalacións é desde hai meses practicamente nulo, debido isto, en gran parte, ao non existir un responsable di-



recto que leve a xestión desta zona. Hai que lembrar que recentemente se produciu o cesamento irregular do xefe da Zona Sur, feito que foi denunciado por UGT ante a Xustiza.

FeSMC responsabiliza directamente á Xunta de calquera accidente que poida ocorrer a causa do abandono e a mala xestión deste organismo. Afectando directamente este

abandono ás relacións laborais e aos traballadores, diminuíndo ou anulando a seguridade laboral e diminuíndo a calidade dos servizos do persoal do ente público.

Os delegados de persoal en Portos de UGT, en repetidas ocasións, xa denunciaron estes feitos para a súa corrección, obtendo sempre como resposta o silencio e a pasividade.

PRIMEIRA XORNADA DE FOLGA NAS AMBULANCIAS GALEGAS

Redacción.- Froito da votación en asemblea dos traballadores de ambulancias de toda Galicia, hoxe está a ter lugar a primeira xornada de folga que se prorrogará ata o día 11. Retomárase o día 18, ata o 24; de novo o 4 de marzo, ata o 10; e a partir do 20, sen non hai unha solución ao conflito convertírase en indefinida.

O punto de arranque foron as concentracións diante dos hospitais públicos galegos de referencia a pasada semana.

A este punto chégase pola intransixencia da patronal e pola irresponsabilidade da Xunta

Óscar Vázquez, de FeSP-UGT-Galicia, explicou que a este punto chegouse ante o bloqueo da negociación do convenio colectivo, as ameazas da patronal e a propia responsabilidade da Consellería de Sanidade nesta situación.

Na última xuntanza mantida coa patronal na mesa de negociación do convenio, esta retrocede nas súas propostas e pon enriba da mesa un recorte salarial do 10%, a renuncia ao contrato do 061, a posibilidade de que algunha empresa entre en suspensión de pagos e que non aseguran as nóminas a partir de marzo.

FeSP non entende este repentino



cambio de actitude que bota por terra os avances previos doutras xuntanzas. Isto conduciu ao bloqueo da negociación e obrigou aos sindicatos a propoñerlle aos traballadores a convotaría da folga. FeSP corresponsabiliza desta situación á Xunta que foi quen outorgou as concesións ás empresas, as que agora se queixan de que os orzamentos non chegan para cubrir custos salariais.

NOVOS SALARIOS PARA O SECTOR DA CONSTRUCCIÓN DA PROVINCIA DA CORUÑA

Un sector que aglutina a máis de 18.000 traballadores na provincia

Redacción.- Este xoves os sindicatos UGT-FICA (Federación de Industria, Construción e Agro), CCOO e a patronal APECCO asinaron os salarios do sector da construción da provincia da Coruña para os anos 2019, 2020 e 2021, cun incremento do 7%. A sinatura deste acordo afectará aos máis de 18.000 traballadores que o sector da construción ten na provincia da Coruña.

Prevese un incremento do 2'25% para o ano 2019; un 2'25% para o ano 2020; e un 2'5% para o 2021. Isto supoñería que un oficial de 1º en dous anos pase a cobrar

1.310 euros máis do que viña percibindo no 2018.

Así mesmo, o convenio establece unha xornada laboral para o ano 2019 de 1.730 horas, o que fai que no calendario do sector se establezan 10 días festivos: 7 de xaneiro, 5 e 18 de marzo, 22 de abril, 26 de xullo, 16 de agosto e 23, 24, 30 e 31 de decembro.

O acordo ten, ademais, un valor simbólico importante, xa que por primeira vez desde o inicio da crise económica, que afectou a este sector máis que a ningún ou-

tro, no seu preámbulo recoñécese a mellora xeral da situación económica e as perspectivas positivas para o sector da construción.

Por outra banda, este acordo recolle como obxectivo prioritario en materia de políticas de emprego para o sector todas aquelas referidas tanto á calidade do mesmo como as que aportan unha maior estabilidade e, por tanto, establécese a xubilación forzosa para as traballadoras e traballadores (salvo pacto en contrario e sempre que se reúnan os requisitos esixidos pola normativa da Seguridade Social).

NOVA AGRESIÓN A UN VIXIANTE DE SEGURIDADE DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO DE VIGO

Redacción.- O pasado martes tivo lugar no servizo de urxencias do hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo unha nova agresión por parte dun paciente a un vixiante de seguridade, unha vez que este último tivo que intervir cando o paciente púxose agresivo co médico que o intentaba dar de alta.

FeSMC denuncia que este tipo de situacións, por desgraza, estanse a facer moi frecuentes, polo que urxe que tanto as empresas de seguridade como os clientes e administracións adopten as

medidas necesarias que garantan a seguridade e protección dos vixiantes encargados de velar pola seguridade e protección dos usuarios e traballadores das instalacións para as que prestan os servizos.

A Administración ten que facer fronte a este grave problema de violencia contra este colectivo de traballadores dándolle cobertura legal axeitada, así como, os medios necesarios que garantan o desempeño das súas funcións cun mínimo de seguridade para



a súa integridade física, adecuando con criterios técnicos as plantillas de vixiantes ás instalacións a protexer.

OS TRABALLADORES DE H&M MOBILÍZANSE NA PROVINCIA DA CORUÑA

Redacción.- UGT convocou o pasado sábado folga en todas as tendas de H&M da provincia da Coruña e unha concentración no centro de Marineda para rexeitar os despedimentos impostos pola empresa.

O pasado 9 de xaneiro a empresa presentou un ERE a nivel estatal, onde se pechan sete tendas en toda España, as cales tiñan un persoal total de 145 traballadores.

No referente á provincia da Coruña, a afectada é unha tenda, en Espazo Coruña, con 15 traballadores.

Na reunión mantida o mércores 30 de xaneiro en Madrid a empresa ofreceu cinco recolocacións, todas elas a tempo parcial, 10 extincións de contrato, estas poderían ser recolocacións pero sempre fóra de Galicia e non habería oco para as 10.

As cinco recolocacións serían para postos de vendedor, quedando fóra todos os postos de responsabilidade. Tres delas serían para o outro centro da cidade da Coruña, un para Ferrol e outro para Santiago.

Desde FeSMC, sindicato maioritario no Comité de empresa, opoñémonos totalmente aos despedimentos inxustificadas. Todas as horas de traballadores temporais e de ETTS que se realizaron no último ano son suficientes para asumir a recolocación dos 15 afectados, mesmo se debería contratar máis persoal. Entendemos que esta é unha manobra por parte da empresa para librarse dalgúns traballadores. Nos últimos



meses a multinacional trasladou a persoal ao centro que agora pretende pechar, co único obxectivo de incluílos agora no ERE.

Por todo isto, UGT convocou folga na provincia da Coruña, en todos os seus centros, para o pasado sábado 2 de febreiro e todos os sábados a partir de agora de maneira indefinida.

REFORZAR A PROTECCIÓN SOCIAL, ANTE A TRANSFORMACIÓN DIXITAL

Redacción.- A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social, M^a Carmen Barrera, sinalou que “os sindicatos vimos alertando desde hai tempo, dando voz a un número crecente de estudos e informes, que a chamada Cuarta Revolución Industrial vai provocar graves disrupcións ou malestar social por dous motivos: porque a Revolución 4.0 pode xerar máis destrución neta de emprego do que se cre (pola substitución de man de obra humana por máquinas, máis baratas e, sobre todo, máis dóciles) e pola creación de novas formas de emprego, máis desreguladas e precarizadas”.

Así, a chamada nova economía dixital pode comportar “a desregulación do traballo, a redución das proteccións sociais públicas e o peso dos propios sindicatos, como contrapoder ou forza equilibradora fronte ás novas formas do capitalismo”. Isto prodúcese porque “se quere convencer ás persoas de que a era postindustrial implica transitar da economía de traballadores á economía de emprendedores, aínda que a pretendida autonomía destes sexa falaz”. Unha desregulación laboral e social que pon en risco as bases dos nosos sistemas de protección social e que UGT non vai consentir.

M^a Carmen Barrera fixo estas declaracións durante a inauguración da Xornada sobre “A transformación dixital da economía e do traballo e o seu impacto nos sistemas de protección social: retos de futuro inmediato”, organizada polo grupo de “Estudios sobre Pensións Suficientes, Seguridade

Social Universal e Democracia” da Fundación Francisco Largo Caballero de UGT.

Para conseguir que a sociedade se aproveite dos enormes cambios que implica a era dixital, hai que consolidar os alicerces sociais, restaurando en primeiro lugar todos os dereitos perdidos polas reformas laborais e de Seguridade Social impostas polas políticas de austeridade seguidas polo Goberno do Partido Popular, e, en segundo lugar, renovando algúns deles, con especial incidencia no plano da protección social.

Hai que aproveitar a nova economía dixital en favor dos traballadores e os cidadáns, convertendo en asalariados aos “falsos autónomos, erradicando as discriminacións de xénero e as novas formas de traballo, que están a xerar traballadores cada vez máis pobres, algo que debilita a protección social”.

Neste sentido, Barrera expuxo que “se o emprego na era dixital tende a ser cada vez menor, prestándose a través de formas con menos base de cotización social (autónoma, precarizada) e as reformas lonxe de corrixir eses desaxustes intensifícanos, entón queda claro que asistimos a un grave risco de maior erosión das bases do sistema de protección social”.

Estas xornadas son esenciais para afrontar os distintos interrogantes que expón a transformación dixital neste ámbito:



que tratamento, en materia de Seguridade Social, merecen as novas formas de traballo; que capacidades ten a Seguridade Social actual para garantir unha protección social suficiente e equitativa; que incidencia ten esta transformación dixital, da economía e do traballo, no financiamento do sistema da Seguridade Social e na súa necesaria sustentabilidade e suficiencia (e se hai que acudir a un maior esforzo fiscal, como se debe articular).

Outro interrogante fundamental é se a economía dixital creará as condicións sociais, económicas e políticas para forzar unha mutación no modelo de articulación da protección social en España, promovendo formas máis solidarias e asistenciais que contributivas. Así, por exemplo, se o emprego cada vez ten menos capacidade para soste un sistema adecuado de protección social, quizais sexa o momento de repensar o noso sistema, a fin de incluír unha renda de cidadanía que asegure unha existencia digna a toda persoa, á marxe de que preste ou non traballo asalariado.

PÓDENSE EVITAR 9.550 MORTES EN ESPAÑA, POLA EXPOSICIÓN A CANCERÍXENOS NO TRABALLO

Redacción.- UGT únese á conmemoración do Día Mundial Contra o Cancro, que se celebrou o 4 de febreiro, e mostra o seu apoio a todas aquelas persoas afectadas por esta enfermidade e aos seus familiares. O sindicato ofrece o seu compromiso para conseguir centros de traballo máis seguros, nos que non haxa presenza de canceríxenos nin mutáxenos. É inaceptable que os traballadores e traballadoras cheguen a padecer esta enfermidade polo simple feito de gañarse a vida.

Actualmente, estase producindo un intenso debate sobre a regulación dos axentes carcinóxicos e mutáxicos a nivel europeo. As institucións da UE (Parlamento Europeo, o Consello e Comisión) alcanzaron o pasado 29 de xaneiro, un acordo provisional sobre a terceira proposta da Comisión, relativa á regulación de cinco substancias químicas canceríxicas, a través da actualización da Directiva sobre axentes carcinóxicos ou mutáxicos. Segundo estimacións da Comisión Europea, con esta medida melloraránse as condicións de traballo de máis dun millón de traballadores da UE e evitará máis de vinte e dous mil casos de enfermidades relacionadas co traballo.

Para que este acordo se leve a cabo, debe someterse á aprobación do Comité de Representantes Permanentes do Consello e, posteriormente, votaríase no pleno do Parlamento Europeo.

As cinco substancias sobre as que se establecerán valores límites de exposición profesional son:

- Cadmio e os seus compostos inorgánicos.
- Berilio e os seus compostos inorgánicos.
- Ácido arsénico e as súas sales, así como os compostos inorgánicos de arsénico.
- Formaldehído.
- 4,4'- metilenbis(2-cloranilina) (MOCA).

Os tres primeiros carcinóxicos utilízanse nos sectores da produción e o refinado de cadmio, a fabricación de baterías de níquel-cadmio, a galvanoplastia mecánica, a fundición de cinc e cobre, as fundicións, o vidro, os laboratorios, a electrónica, as substancias químicas, a construción, a sanidade, os plásticos e a reciclaxe.

A Confederación Europea de Sindicatos (CES) transmitiu a súa desconfianza debido a que non foron informados dos termos do acordo alcanzado, a pesar das súas repetidas consultas, en particular acerca dos límites de exposición profesional do cadmio. Tras o anuncio de acordo, a CES soubo que, no caso do cadmio, propónse que haxa un período de transición duns 7 ou 8 anos, no cal a biomonitorización servirá como alternativa ao límite biolóxico de exposición ocupacional que sería de $1 \mu\text{g}/\text{m}^3$ (inhalable). A CES presenta as súas reservas, ás que se une UGT, a este tipo de método de control de exposición persoal, xa que se obtén a medición tras a exposición, polo que o canceríxico xa está no organismo do traballador.

Anteriormente levou a cabo unha primeira modificación da Directiva que regula os límites de exposición profesional para 14 substancias, que actualmente está en proceso de transposición no noso país, mediante a modificación do Real Decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxicos durante o traballo.

UGT está a ultimar as consideracións que achegará ao trámite de audiencia e información pública, aberto polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social. O obxectivo é que os límites que vaian ser establecidos, legalmente, protexan, de forma efectiva, a todos os traballadores expostos. A finais de 2018 acordouse a segunda proposta de regulación de 7 axentes carcinóxicos máis. Este acordo dará lugar a unha sucesiva modificación da Directiva.

A secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT seguirá moi de preto a actual revisión normativa que desde Europa está a levarse a cabo, dado que segundo estimacións da Organización Internacional do Traballo (OIT) e a Organización Mundial da Saúde (OMS), prodúcese ao redor de 9.550 mortes por cancro relacionadas co traballo en España. Se se recoñecesen como enfermidades profesionais sería a primeira causa de mortalidade na contorna laboral. Ademais, lembra e reivindica o principio da acción preventiva que recolle a Lei de Prevención de Riscos Laborais sobre substitución do perigoso polo que entraña pouco ou ningún perigo, senón existe exposición, non haberá risco de cancro.

UGT REITERA O SEU APOIO Á ALDEA DE KHAN AL AHMAR

Redacción.- Tras a chamada á solidariedade de diversas organizacións sindicais, políticas e sociais do pasado novembro, na que se denunciaba a situación da aldea palestina de Khan Ao Khmar, a Unión Xeral de Traballadores volve sumarse á campaña para a defensa desta localidade. "Salvem Khan Ao Khmar" lanzou unha iniciativa de envío de cartas ás máximas autoridades da Unión Europea e de España.

Khan ao Ahmar é unha aldea beduína situada en Cisjordania (Palestina), que se enmarca dentro da zona coñecida como área E1, zona que o Goberno de Israel pretende baleirar de poboación palestina. Aínda que a xustiza israelí fallou en favor deste proxecto, esta demolición

foi considerada como un crime de guerra que viola o Dereito Internacional. Varios estados, entre eles España, solicitaron que se deteña esta demolición. Aínda que a ameaza do exército é latente, Khan Ao Ahmar resiste grazas á resistencia pacífica exercida pola poboación palestina, á súa proxección mediática e á presión internacional.

Pero Khan ao Ahmar non é a única aldea ameazada, todas as aldeas da zona e do Val do Jordán atópanse na mesma situación: a súa poboación é sometida a restricións e violacións dos dereitos humanos, as súas escolas están en perigo constante de demolición, prohibese o acceso a campos e acuíferos, debilítase a produción agrí-

cola palestina e, polo tanto, debilítase aínda máis o seu fráxil tecido económico, etc.

Caso de conseguirse o desprazamento forzoso da poboación palestina, rodearíase a Xerusalén de colonias dividindo Cisjordania en dúas rompendo aínda máis a continuidade do territorio palestino e violándose as numerosas resolucións de Nacións Unidas que recoñecen o status especial da capital palestina.

É un novo espolio de territorio palestino que se suma ao que o Goberno de Israel executa coa colonización continua, a construción do muro e a sistemática ocupación de terras, etc., convertendo en inviable a continuidade do estado palestino.

UGT ESIXE MEDIDAS EFICACES PARA PALIAR A POBREZA ENERXÉTICA

As familias con menos recursos non poden facer fronte ao prezo da luz



Redacción.- Abordamos outro inverno especialmente duro para as familias con menos recursos económicos, e o mercado eléctrico futuro depáranos novas subidas no recibo da luz, especialmente na primavera, cando transcorreron os seis meses de suspensión do imposto do 7% á xeración eléctrica.

Comezamos 2019 cunha forte subida do prezo medio da electricidade no mercado almacenista, que alcanzou os 61,99 euros o megawatt hora (MWh), o terceiro máis alto desde 2009, segundo OMIE, seguindo a tendencia do último trimestre do ano pasado, no que todos os meses superaron os 60 euros. Ademais, supón un 24% máis caro que o rexistrado no mesmo mes do ano anterior (49,98 euros MWh).

A media mensual de 2018 alcanzou os 57,28 euros MWh, converténdose no segundo ano máis caro desde 2008.

Segundo datos do Informe de prezos e custo da Enerxía en Europa 9/01/2019 da Comisión Europea, o día 1 de xaneiro o noso país ocupaba o quinto posto no prezo máis caro da electricidade nos fogares en toda Europa, despois de Alemaña, Dinamarca, Bélxica e Portugal, nesa orde, e o posto 14 na electricidade industrial.

Afortunadamente, este incremento do prezo medio do mercado almacenista só repercutirá en aproximadamente o 35% da factura final da luz, dependendo da tarifa contratada polo consumidor. O resto da factura corresponde á parte regulada, que son

peaxes (40%) e impostos (25%). No proxecto de orzamentos xerais do Estado deste ano, o Goberno conxelou por quinto ano consecutivo a parte regulada do recibo eléctrico.

Non se cumpre a tendencia de baixada da luz no primeiro trimestre do ano. A pesar de que a climatoloxía (choivas e vento) fixo aumentar a xeración eléctrica (enerxías hidráulica e eólica), isto non compensou o elevado prezo do CO2 aparelado ás centrais de ciclo combinado de gas. O gas é a última enerxía que entra no mercado almacenista porque é a máis cara e, ademais, marca o prezo ao resto.

As inclemencias do tempo no inverno incrementarán o consumo de luz e isto repercutirá nas economías dos fogares, especialmente das persoas vulnerables, vulnerables severas e en risco de exclusión social.

UGT esixe ao Goberno que mellore as medidas para paliar a pobreza enerxética, introduza mecanismos para fixar un prezo da enerxía alcanzable, como a rebaixa do IVE; así como actuacións en materia de eficiencia enerxética das vivendas, que permitan aforrar enerxía, tendo en conta que os colectivos máis vulnerables adoitan ter as

É imprescindible introducir mecanismos para fixar un prezo da enerxía alcanzable, por exemplo, unha rebaixa do IVE ou actuacións en materia de eficiencia enerxética das vivendas que permitan aforrar enerxía.

Hai que modificar o bono social eléctrico e o bono social térmico xa que non están deseñados adecuadamente para chegar a todos os fogares que o necesitan.

Ademais, é necesario ofrecer máis información para dalos a coñecer e mellorar os requisitos de acceso para que cheguen a todos os fogares permitindo que se poidan acoller ao bono social eléctrico máis familias, e que estas contén con maiores descontos.

vivendas menos illadas.

O sindicato reclama que se modifique o bono social eléctrico e o bono social térmico (este último creado só para 2019), instrumentos de loita contra a pobreza e a exclusión social, que non están deseñados adecuadamente para chegar a todos os fogares que o necesitan. É necesario introducir unha maior transparencia na información para dalos a coñecer e mellorar os requisitos de acceso aos mesmos para que cheguen a todos os fogares e combater así as desigualdades ocasionadas pola pobreza enerxética, permitindo que se poidan acoller ao bono social eléctrico máis familias, e que estas contén con maiores descontos, así como garantindo o acceso á subministración de enerxía eléctrica, protexendo dos cortes de luz a todos os consumidores vulnerables e non só aos severos.